Avilés de Taramancos
na(s) Universidade(s)

Anxo Tarrío Varela
Maio 2002
Texto lido no Salón Nobre de Fonseca
da USC con motivo do Día das Letras Galegas

No décimo cabodano
do amigo poeta inesquecíbel

Cúmprense neste mes de maio corenta anos dende que a Real Academia Galega decidira conmemorar o primeiro centenario da saída a lume do libro de Rosalía de Castro *Cantares gallegos*, datado pola nosa poeta en 17 de maio de 1863, día en que o home dela, Manuel Murguía, celebraba o seu trixésimo aniversario. Por acordo daquela corporación, deica en adiante homenaxearíase nesa data unha figura relevante da cultura galega que levase como mínimo dez anos sen estar xa entre os vivos. Así comezaba a tradición do "Día das Letras Galegas", toda unha institución que deica entón a agora habería coñecer sucesivas e espontáneas ampliacións por parte de centros de ensino, colectivos e asociacións culturais, etc., a toda unha semana, un mes e finalmente, a partir de 1989, coincidindo cos fastos dedicados a Celso Emilio Ferreiro, un ano enteiro, agora por acordo formal do Parlamento de Galicia.

Para aquel primeiro ano, loxicamente, a figura elixida fora a da propia Rosalía de Castro. Avilés de Taramancos, que na altura contaba vinteoito anos, non puido unirse a aquela celebración porque levaba quince ou dezaseis meses na emigración/exilo de Colombia. Ao ano seguinte, en 1964 sería Castelao o homenaxeado, despois viñeron Eduardo Pondal, Francisco Añón, etc., ata este ano 2003 en que felizmente vemos ao gran poeta recoñecido pola máis alta instancia da cultura galega.

En 1970, ano para o que se elixira Marcial Valladares, o profesor Ricardo Carballo Calero, na altura "Encargado de Cátedra de Lingüística e Literatura Galega"[1] da Universidade de Santiago, decidiu sumar a nosa *alma mater* ás homenaxes do "Día das Letras Galegas", iniciando unha publicación anual que dende entón, cando tan só fora posíbel tirar do prelo un modesto folleto de dez páxinas da autoría única do profesor, non deixou nunca de saír puntualmente todos os 17 de maio, ampliándose, así mesmo, paulatinamente, o volume de páxinas e o número de colaboradores ata

[1] Así se le na cuberta de humilde cartolina que serve de umbral ao folleto titulado *O señor de Vilancosta. Loubanza de don Marcial Valladares Núñez no Día das Letras Galegas*, Santiago de Compostela: Universidade de Santiago, 1970.

chegar a hoxe en día, e dende hai xa algúns anos, coa condición e categoría indiscutíbeis do que propiamente chamamos *libro*.

O 17 de maio de 1970, os que eramos estudiantes de Filosofía e Letras e alumnos de Carballo Calero nas aulas do nobre edificio que hoxe alberga a Faculdade de Xeografía e Historia, vivimos intensamente o “Día das Letras Galegas”, e quen isto subscribe garda con agarimo aquel primeiro folletiño (xa avellentado e descolorido polo paso dos anos) que o propio profesor se encargara de nos proporcionar a quen asistíamos ás súas clases. Había case dez anos que Avilés de Taramancos estaba ausente de Galicia, pero a partir dese ano, non o estivo dun xeito absoluto na nosa Universidade, pois a súa voz e o seu nome, que nos chegaran potentes, xusto nese ano 1970, dende Colombia, a través dunhas cartas xa míticas hoxe, ecoaron dende entón nas aulas universitarias e pasaron de boca en boca ata que moitos puidemos velo entrar en persoa pola porta da Faculdade de Filoloxía, na Praza de Mazarelos, un día de 1982, concretamente o 27 de outubro polo meiodía. Traia na man, recén saído do prelo *O tempo no espello*.

Cando case dez anos despois, en marzo 1992, volveu abandonarnos Avilés de Taramancos, pero xa definitivamente, eu volvín lembrar aqueles días de 1970 e 1982. Para honrar a memoria do poeta escribín un pequeño artigo e procureille unha publicación axeitada, a prestixiosa revista *Ínsula* (546, xuño 1992), na que o nome do amigo puidese navegar máis alá das nosas fronteiras e chegar a todas as Universidades do mundo, cando menos ás que amparasen estudios de literaturas ibéricas. Por mágoa, necesariamente, e dadas as características de *Ínsula*, tiven que escribir aquel pequeño traballo en castelán e nunca viu a luz a versión galega que de seguro había gustar máis a Avilés de Taramancos e que me permito transcribir a continuación en memoria do amigo desaparecido:

> Corría o ano 1970 cando o poeta Salvador García-Bodaño recibía unha carta lonxíncua, quizais oito anos esperada. "É de Avilés de Taramancos", díxonos aos mozos estudiantes que por aquel entón frecuentabamos diariamente a súa casa en Compostela. E deunos noticias del. Chamábase realmente Xosé Antonio Avilés Vinagre, era natural dunha aldeíña da ría de Noia chamada Taramancos, onde nacera no ano 1935. Por circunstancias varias, viviu algún tempo na Coruña, onde fixo unha grande amizade co soberbio pintor surrealista e bohemio Urbano Lugrís, "a miña única Universidade", como gustaba de repetir o poeta autodidacta. De aqueles anos datan os seus primeiros poemas, recollidos en separata da revista *Atlántida* (números 11-12, 1955) baixo o título de *As moradías do vento*. A sensibilidade de Avilés de Taramancos para captar o pulso da natureza faise xa patente nestes versos, aínda adolescentes pero de bo alento hendecasílabo nos que recolle unha primeira síntese emotiva e vivencial da paisaxe galega percorrido por un vento multiforme e ubicuo.

Catro anos máis tarde, publica o que contitúe o seu primeiro libro, *A frauta e o garamelo* (A Coruña: Imprenta Moret), de rara distribución case manual a cargo de Jorge Víctor Sueiro, que daquela era tan novo e inexperto como Avilés pero que co tempo tamén había chegar a ser recoñecido escritor e xornalista, así como celebrado gastrónomo. Alí evoca o poeta en versos cheos de alegría e de luz (ríos profundos da saudade) o canto da fauna aérea poboadora da súa infancia.

Ao ano seguinte, tivo que saír urxentemente do país, aconsellado por un policía amigo, Rafael Manzano, estraño autor de novelas de vaqueiros baixo o falso exónimo de Ralf Manz. Aterriza en Bogotá a bordo dun Superconstelation con nove dólares no peto, toda a selva e mailo altiplano por diante. Dous anos máis tarde (marzo de 1962) chega a súa voz a Galicia cargada de nostalxia: "O gume da dor vaime ferindo pouco a pouco. Sinto a miña mocidade esfarrapada, sen unha rota verdadeira e pura. Estou trunfando na vida, pro este trunfo é un trunfo mortal (...), é coma o que vai arrincando ouro na cova en que ten que se enterrar". Non había voltar ata vinte anos máis tarde. Sempre se sentiu un poco Ulises, consciente de que non hai regreso posíbel, porque nunca volve o mesmo home nin ao mesmo lugar.

Aos mozos contertulios de García-Bodaño, o nome de Antón Avilés de Taramancos, de quen as noticias seguirían a chegar salferidas e incertas, non se nos había borrar xa nunca pola súa estraña eufonía pero sobre todo polo abraio que nos producira o contido daquelas cartas e a potente expresividade dunha prosa que se fai literaria no seu intento sincero de transmitir vivencias inefábeis, ausencias dolorosas e enraizamentos inesquecíbeis. Unha prosa, a das súas cartas, que xa é imprescindíbel para comprender o poeta.: "Cáseque dez anos de loita a campo aberto fixeron de min un home curtido, coñecedor de tretas coma Ulises, mais perdido quizáis para sempre. Fixen de todo. Fun comerciante, domeador de cabalos, contrabandista. Teño cavado máis de corenta hectáreas de terra americana, de sol a sol, até que o aceiro da eixada se fendera, e non houbo ceifa, nen colleita que non fora queimada pola peste, pola xeada, polo destino (...) Cacei pumas pra lles vende-lo pelexo ós gringos ricos, trafeguei con cabezas reducidas, fixen churros nas feiras, fun afiador. O ouro foxe de min coa mesma intensidade que eu fuxo del (...) Casei cunha india andina como puide casar cunha princesa turca (...) Non estou arrepentido. É unha muller simple e agarimosa como necesita un presidiario. E coma a terra é fértil, segura, pra sempre..."[2]

En terras americanas segue a escribir, envía de vez en cando, inesperadamente, poemas soltos aos amigos e un novo libro, *Os poemas da ausencia* (Bogotá, 1963, cunha segunda parte datada en 1969): "Escribo a ráfegas, coma os furacáns; ó mellor pasan dous ou tres anos que non escribo unha palabra; en quince días fago un libro. Despois racho todo ou déixoo así. Son incapaz de correxir, de volver a refacer. Non teño tempo nen paz pra domea-lo verso ou a palabra". Agora o verso faise por veces máis solemne, épico acaso, nalgún momento, cósmico e elexíaco."

---

[2] Os fragmentos de cartas que reproduzo poden verse na introducción con que Salvador García-Bodaño presenta o libro de Avilés de Taramancos titulado *O tempo no espello* (Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, 1982). Xa con anterioridade, e a raíz de recibir a carta de 1970, García-Bodaño publicara unha "Noticia de Avilés de Taramancos", na revista Grial, nº 31, 1971, pp. 63-66.

A ausencia da patria prodúcelle unha gran dor. Unha dor case insuperábel que volve a un home como el, cordial e tranquilo, en irascíbel e desacougado: "A saudade me ten crucifillado. Non poido ter un día de festa, nen acougo. Nos lugares máis fermosos onde puidera ter un intre de ledicia, o nome de amigos, o nome de Galicia, acoitélame terriblemente e vólveme áspero, duro, incomprensible. Non podo desface-lo nó desta forza cósmica."

Ao regresar, no ano 1980, era xa un mito para moitos de nós. Asenta en Noia coa súa familia e habilita as cabaleirizas dun pazo gótico para deseñar a taberna que, en adiante, había ser a súa oficina lírica, entre cañas de cervexa e tapas de calamares: "Agora mesmo, de taberneiro en Noia, como François Villon escribirei de vez en cando algún poema. Pero como ves non son un poeta de oficio nin oficial. Son sempre o que chega tarde e dalgún xeito quere face-la súa sementeira e a súa colleita cun esforzo que a otros lles vén máis mainiño polo tempo e a paciencia. Eu non teño nin unha cousa nin a outra. Son a grandeza e a miseria da poesía. Un francotirador da fermosura."

En 1982, saíu o seu libro *O tempo no espello*, unha recompilación de todo o escrito ata aquel momento. Alí revélase como un dos grandes poetas galegos de todos os tempos, polo manexo que fai de múltiples rexistros, en verso curto e longo, culto e popular, erótico e elexíaco, ferinte na denuncia e endexamais degradado en panfleto, pero sobre todo pola súa peculiar voz, potente e orixinal, plena de resoancias telúricas que, nacidas da contemplación e da comunión íntima coa natureza campesiña e mariñeira da terra natal, tomaron novos tons coas vivencias amoreadas na visión das inabranguíbeis terras do continente americano, unha segunda patria xa para el, á que homenaxeará explicitamente nos seus *Cantos caucanos*[3], de leves e inevitábeis resoancias nerudianas, e nun fermoso libro de prosas poéticas titulado *Nova crónica das Indias*[4], no que tece unha síntese literaria de algo que o lector adiviña como difuminadas experiencias autobiográficas por terras do Cauca e da Amazonía, de norte a sur, dende a terríbel selva húmida e umbrosa ata os altiplanos; dende as tabernas dos portos mariñeiros ás luces de incertas cidades polas que circula unha variopinta humanidade protagonista de brutalidades insospeitadas, visguentas escravitudes pero también liberdades limpas como albas.

As terras úbedas do Cauca, a súa desmesura mineral, o agobio dunha vexetación vizosa e absurda, en feliz expresión de Basilio Losada, fan eclosión dediante dos ollos do lector ao conxuro da palabra do poeta: "Era o clamor universal: / gorxeaban os astros o seu canto / e o río imenso / esfarrapaba a vaxina froital do mundo / no ámbito do Cauca". Neste escenario xorde a epopea, o lamento do indio traicionado por todos os deuses, o eco das antigas crónicas, os ritmos quentes a sensuais, por veces emigrados á cidade nocturna, ou o amor entre canavais e bolboretas como algo consubstancial á evocación do cosmos americano, e as voces de sonoros dialectos aborixes mistúranse coa palabra galega nunha irmandade eufónica que semella natural e necesaria. Polo mesmo, o verso faise flexíbel, extenso e longo, ou breve e dinámico, en consoancia coas vivencias

---

[3] Barcelona: Sotelo Blanco, 1985.

[4] Vigo: Ir Indo, 1989.

que o poeta evoca e que son a súa outra patria, indisociábel da que recuperou coa súa volta á terra natal: "Ouh! território aberto, planura do confín, miña outra casa (...) dese amor é que vivo; e máis do amor que agora no lar recuperado / erguen vellas colunas, antigas mans que me aman, / a emanación dos átomos de meus avós no vento / a terra prometida."

En 1989, despois de repartilo en edicións artesanais que el mesmo se entretiña en compoñer para os amigos (así "distribuíra" xa unha parte dos seus *Cantos caucanos*) saca a lume o poemario *As torres no ar*[5], no que trata de recuperar a infancia, a patria, os veleiros, e entrar definitivamente na Terra[6]. O verso longo e libre, o versículo e a prosa poética alcanzan agora un protagonismo grande nas dúas primeiras partes do libro ("Cantos a carón da terra" e "O cántico das naves: elexías do mar"), nas que o poeta volve, en certo modo, ao que constituíra a súa primeira pulsión lírica na adolescencia, enriquecida e transformada agora por un meirande oficio poético, por uha biografía irrepetíbel e estraña, dolorosa e riquísima, que se proxecta sobre a realidad a través duns ollos renovados e diferentes, e polo efecto distante das lembranzas introducindo un compoñente de tristeza que no viamos nos versos xuvenís: "Poño o ouvido no crisol do tempo. Poño o amor: / escoito o son da ría. O calafate do mencer, as altas / torres de vidro da mar, cantando; o remo / acompasando o latexar da vida. A motora / que levemente se dilúe na névoa e na preguiza."

A derradeira parte de *As torres no ar*, "A torre secreta", constitúena fundamentalmente sonetos de vario metro nos que Avilés de Taramancos amosa unha vez máis unha faceta de poeta erótico e sensual que atravesa toda a súa poesía e que lle é consubstancial, ata tal punto que mesmo podemos dicir que, no fondo, é unha das facetas que mellor o define e a través da que nos transmite a súa comuñón co cosmos, a súa cosmovisión, a súa potencia lírica e o seu vitalismo. E iso, mesmo nos intres nos que a súa veta de poeta civil aboia á superficie do poema, pois a metáfora, a imaxe e o símbolo en Avilés de Taramancos sempre leva de seu un compoñente sinestésico de inevitábel definición sensual.

Sempre presente na vida civil, cunha presencia activa que o levou, entre outras moitas cousas, a se facer cargo da Concellalía de Cultura do Concello de Noia, na que levou a cabo un interesante labor, Avilés de Taramancos participou en numerosos recitais, actos culturais de todo tipo, iniciativas de desagravios e de denuncias colectivas e colaborou en moitas revistas e publicacións periódicas varias. Froito desas colaboracións é un pequeno corpus poético que, co título de "Obra inmisericorde", entregou ao *Boletín Galego de Literatura*[7]. Así mesmo, no ano 1992 saíu a la lume un libro titulado *Obra viva*, recompilación de artigos, actuacións en público, etc., que non chegou xa a ver impreso o poeta, pero que preparou canda os seus amigos noieses[8]. Nestes escritos de circunstancias, Avilés de Taramancos estivo pendente sempre da actualidad e de detectar os abusos do

---

[5] Barcelona: Sotelo Blanco, 1989.

[6] Da dedicatoria ao autor destas liñas (abril, 1990).

[7] Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, nº 3, maio 1990.

[8] Noia: Edicións Laiovento, 1992.

poder, da humillación do humilde, da corrupción ou da inxustiza, todo sen patetismos nin demagoxias fáciles, cun sutil sentido do humor, por veces, ou franco e desgarrado, outras, que o achegan aos clásicos galegos e o colocan, polo que fai á súa dimensión de home público e polo seu talante comprensivo e cordial, na liña dun Castelao, malia a vida no lle ter dado cupo suficiente de anos para alcanzar a popularidade xeralizada a toda Galicia de que gozou este e, se ben lle permitiu ser moi altamente considerado no reducido foro da cultura "culta", de cuxos circuitos oficiais se mantivo sempre afastado, non deixou que a súa popularidade enchoupase máis cá inmediata poboación da comarca da Barbanza, onde si foi querido e recoñecido pola súa xente, como puido apreciarse o día do enterro: quilómetros de dor, espontáneo e popular, co seu cadaleito nos ombreiros dos moitos amigos e amigas que querían darlle así o derradeiro adeus.

Porque o certo é que naquel fatídico día, cando ía chegar o cuco aos vales de Galicia, tivemos a noticia final de Antón Avilés de Taramancos, e aquel poeta que tanto tardou en chegarnos das Américas, fóisenos para sempre o 22 de marzo de 1992, no que, precisamente, se conmemoraba o quinto centenario dun (imos chamalo) *encontro* que el renovou, mesmo intercambiando e misturando a palabra altiplana coa palabra galega e o seu sangue coa dunha india boa e chea de tenrura, que agora frite calamares góticos nunha oficina lírica deshabitada xa da voz telúrica que a trouxera ao vello continente.

Unha voz, hai que engadir, que aínda tivo folgos derradeiros para nos deixar un poemario aparecido póstumamente, *Última fuxida a Harar*, ao encontro con Rimbaud.

Agora, desafortunadamente para os que somos xa dez anos máis vellos pero afortunadamente para a memoria de Avilés de Taramancos; agora, cando o tempo mínimo requerido pola Real Academia Galega xa se cumpriu, permitindo deste xeito nomealo para ser centro de atención do Día das Letras Galegas e, mediante o Parlamento de Galicia, de todo o ano 2003, o Departamento de Filoloxía Galega da nosa Universidade deparoume a honra de ser eu quen coordinase o volume correspondente, para así asistir á cita anual. Das trinta e catro edicións que se cumpren co volume que o lector tén nas mans, cóubome a responsabilidade de organizar bastantes, pero podo asegurar que ningunha delas me proporcionou tanta satisfacción como a que experimento agora achegando, por unha banda, as excelentes ilustración que o pintor noiés Alfonso Costa realizou, *ex professo*, para esta homenaxe e, por outra, os interesantes traballos de colegas e amigos da nosa universidade, así como de alumnas de terceiro ciclo de Filoloxía, que han servir para contribuír a aumentar e consolidar os estudios sobre a persoa e a obra de Antón Avilés de Taramancos. En nome do Departamento de Filoloxía Galega da nosa Universidade, a todos teño que dar as grazas máis sinceras e sentidas.